Asinado dixitalmente por:
REXISTRO ELECTRÓNICO
Data: 12/03/2021 01:19:54
Razón: Rexistro electrónico
Localización: Parlamento de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA

# BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

XI lexislatura
Número 110
12 de marzo de 2021

CSV: BOPGDSPGqzGn7eWpi7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

# SUMARIO


## 1. Procedementos parlamentarios

### 1.3. Procedementos de control e impulso
### 1.3.5. Mocións
### 1.3.5.4. Mocións tramitadas

**Aprobación por unanimidade con modificacións**

**11850 (11/MOC-000029)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Díaz Varela, Noa Susana**
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación cos efectos da pandemia da covid-19 nas mulleres galegas. (Moción consecuencia da Interpelación nº 7604, publicada no BOPG nº 79, do 20.01.2021, e debatida na sesión plenaria do 23.02.2021) 44299

**11854 (11/MOC-000030)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Fernández Alfonzo, Ramón**
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa obtención de novas oportunidades de explotación enerxética en Galicia. (Moción consecuencia da Interpelación nº 9630, publicada no BOPG nº 91, do 10.02.2021, e debatida na sesión plenaria do 23.02.2021) 44299

**Rexeitamento da iniciativa**

**11786 (11/MOC-000028)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Rodil Fernández, Olalla**
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto que está a ter para as mulleres a crise económica xerada pola covid-19. (Moción consecuencia da Interpelación nº 9382, publicada no BOPG nº 88, do 03.02.2021, e debatida na sesión plenaria do 23.02.2021) 44300

### 1.3.6. Proposicións non de lei
### 1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno
### 1.3.6.1.4. Proposicións tramitadas

**Aprobación por unanimidade con modificacións**

**10324 (11/PNP-001027)**
**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**
**Prado del Río, Paula e catorce deputados/as máis**
Sobre a elaboración pola Xunta de Galicia da avaliación do II Programa de muller e ciencia, así como sobre o inicio da elaboración do III programa 44301


CSV: BOPGDSPGqzGn7eWpi7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**11189 (11/PNP-001108)**
**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**
**Díaz Mouteira, María Sol e seis deputados/as máis**
Sobre a demanda do Goberno galego ao Goberno central da transferencia a Galicia das competencias para a xestión do dominio público marítimo-terrestre 44301

**11376 (11/PNP-001122)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Bará Torres, Xosé Luís e dous deputados/as máis**
Sobre a demanda ao Goberno do Estado para a presentación de recurso contra a sentenza da Audiencia Provincial en relación co pazo de Meirás para defender a verdade histórica e o interese público e para evitar calquera indemnización á familia Franco 44302

**11414 (11/PNP-001127)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma**
Sobre a demanda ao Goberno do Estado para que se esgoten todas as posibilidades xurídicas para a defensa do interese do Estado, incluíndo, de ser tecnicamente posible e aconsellable, a interposición de recurso contra a Sentenza 60/2021, da Sección Terceira da Audiencia Provincial da Coruña, no relativo ao pronunciamento favorable á indemnización dos gastos realizados no inmoble pola familia Franco 44302

**Rexeitamento da iniciativa**

**6106 (11/PNP-000702)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Prado Cores, María Montserrat e dous deputados/as máis**
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para prestar unha axeitada atención á saúde mental 44302

**9423 (11/PNP-000947)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Álvarez Martínez, Luis Manuel e dous deputados/as máis**
Sobre o mantemento polo Goberno galego do funcionamento do CEIP de Baamonde, no concello de Begonte, desbotando calquera posibilidade de desafectar o centro 44303

## 1.4. Procedementos de información
### 1.4.5. Respostas a preguntas

**11872 - 1396 (11/PRE-000110)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis**
Sobre os datos referidos aos convenios asinados e as subvencións e axudas de calquera tipo concedidas por parte de Augas de Galicia ao Concello de Oza-Cesuras no exercicio 2019 e durante a décima lexislatura 44315

CSV: BOPGDSPGqzGn7eWpi7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**11870 - 1444 (11/PRE-000119)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Presas Bergantiños, Noa e 2 máis**
Sobre a valoración que fai o Goberno galego das repercusións no ámbito financeiro da fusión de Bankia e CaixaBank e, en xeral, da posible evolución do mercado financeiro tras o impacto do coronavirus 44317

**11873 - 1793 (11/PRE-000179)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Francisco Rivera, Juan Carlos e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña**
Sobre os datos do Goberno galego referidos ao posible impacto da fusión de CaixaBank e Bankia no emprego de Galicia e no seu mercado crediticio e hipotecario, a súa posición en relación coa concentración bancaria e a redución da oferta financeira, e as medidas previstas respecto da exclusión financeira que padece a cidadanía en moitos concellos galegos 44319

**11996 - 3144 (11/PRE-000353)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Díaz Varela, Noa Susana e Álvarez Martínez, Luis Manuel**
Sobre a situación en que se atopa o inicio por parte da Xunta de Galicia da incoación do expediente para a declaración como ben de interese cultural do castro Lupario, localizado no concello de Rois, e da súa contorna ou, se é o caso, as previsións ao respecto, así como o mantemento na actualidade do compromiso da Dirección Xeral de Enerxía e Minas de non ordenar o inicio das obras da liña de alta tensión Lousame-Tibo ata a súa consecución 44321

**11999 - 3440 (11/PRE-000397)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 3 máis**
Sobre o gromo de covid-19 detectado na Residencia de persoas maiores Os Gozos, no Pereiro de Aguiar, a demora na detección da presenza do virus e na comunicación dos resultados das probas realizadas, así como as medidas previstas ao respecto 44323

**12000 - 4205 (11/PRE-000504)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 5 máis**
Sobre as medidas de prevención e protección fronte ao risco de contaxio por coronavirus implantadas polo Goberno galego na residencia Nosa Señora dos Milagres, no concello de Barbadás, en particular tras a declaración do nivel 3 e o peche perimetral do concello, así como as modificacións introducidas no plan de prevención de riscos laborais e no cadro de persoal do centro 44325

**12007 - 4260 (11/PRE-000513)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Ortega Otero, Marina e 3 máis**
Sobre os parámetros ou protocolo obxectivo aplicados antes dos contaxios por covid-19 na Residencia Nosa Señora dos Milagres, no concello de Barbadás, os medios humanos e materiais habilitados no centro pola administración competente e as razóns que hai para non facilitar os datos dos contaxios por cada residencia xunto cos dos contaxios totais a diario 44329

CSV: BOPGDSPGqzGn7eWpi7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**11732 - 4380 (11/PRE-000531)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Queixas Zas, Mercedes e 2 máis**
Sobre a valoración que fai o Goberno galego dos dous recentes informes do Consello da Cultura Galega referidos ao impacto da covid-19 no sector cultural, as medidas postas en marcha para palialo e as actuacións inmediatas que está a deseñar, así como as estratexias de comunicación e coordinación activadas cos sectores e axentes culturais 44334

**12005 - 4479 (11/PRE-000546)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Rodil Fernández, Olalla e 2 máis**
Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da restitución dos dereitos laborais do persoal da Consellería de Política Social suspendidos no ano 2012 e a derrogación da Lei 1/2012, de medidas temporais en determinadas materias do emprego público, así como sobre a valoración que fai das condicións laborais do persoal dos centros asistenciais dependentes desa consellaría 44336

**12008 - 4494 (11/PRE-000547)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Castro Rey, Paloma e 2 máis**
Sobre as previsións da Consellería de Política Social respecto da realización dunha xuntanza cos representantes do seu persoal co fin de reabrir a mesa de negociación para derrogar a Lei 1/2012, de medidas temporais en determinadas materias do emprego público, a valoración que fai das súas condicións laborais e do traballo desenvolvido desde o inicio da pandemia, así como sobre a súa opinión respecto da necesidade de aumentar o actual número de prazas 44339

**11877 - 5138 (11/PRE-000617)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Rodil Fernández, Olalla e 2 máis**
Sobre os datos referidos á composición do corpo de inspección da Consellería de Política Social, a opinión do Goberno galego respecto da suficiencia dese persoal e o labor de control e fiscalización que desenvolven nas residencias de maiores e centros que prestan servizos sociais en Galicia 44342

**11879 - 5475 (11/PRE-000661)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Presas Bergantiños, Noa e 2 máis**
Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia das repercusións para Galicia das posibles fusións de Caixabank con Bankia e do BBVA co Banco de Sabadell e, en xeral, da posible evolución do mercado financeiro tras o impacto da covid-19 44346

**11881 - 5556 (11/PRE-000670)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Francisco Rivera, Juan Carlos e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña**
Sobre os datos do Goberno galego referidos ao impacto que tería a posible fusión do BBVA co Banco Sabadell no emprego e no mercado crediticio e hipotecario de Galicia e, se é o caso, as medidas que vai implantar ao respecto 44348

CSV: BOPGDSPGqzGn7eWpi7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**11728 - 5616 (11/PRE-000678)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis**
Sobre as razóns da Xunta de Galicia para paralizar a tramitación da proposta de ampliación da Rede Natura 2000 iniciada no ano 2012 e o número de parques eólicos construídos, de proxectos eólicos previstos ou en tramitación e de proxectos de repotenciación previstos no ámbito territorial desa ampliación 44350

**11963 - 5794 (11/PRE-000694)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Otero Rodríguez, Patricia e 3 máis**
Sobre as medidas adoptadas pola Xunta de Galicia, desde a detección dos primeiros casos, para atallar o gromo de covid-19 na residencia Asilo de Vilalba e os motivos do seu alcance 44352

**11885 - 5848 (11/PRE-000699)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Otero Rodríguez, Patricia e 2 máis**
Sobre a data prevista polo Goberno galego para o inicio das obras para a habilitación dun espazo como sala de agarda propia e digna para as vítimas de violencia de xénero no Xulgado de Violencia sobre a Muller de Viveiro 44356

**12016 - 5931 (11/PRE-000709)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Rodil Fernández, Olalla e 2 máis**
Sobre os datos referidos á auditoría que está a realizar a Xunta de Galicia nas residencias de maiores de Galicia 44359

**11887 - 5940 (11/PRE-000710)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Rodil Fernández, Olalla e 2 máis**
Sobre as previsións do Goberno galego referidas á modificación dos seus plans para a construción de sete novas residencias de maiores tras o impacto da covid-19 e as condicións establecidas ao respecto no convenio asinado coa Fundación Amancio Ortega 44362

**11890 - 6087 (11/PRE-000720)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Presas Bergantiños, Noa e 2 máis**
Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para atallar as consecuencias laborais, sociais e económicas da reestruturación financeira e do ERE do Banco Santander, así como sobre a realización dalgunha avaliación e xestións coas entidades bancarias ao respecto 44366

**11894 - 6120 (11/PRE-000724)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Díaz Varela, Noa Susana e 3 máis**
Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia das ameazas que leva padecendo a xogadora galega Paula Dapena por non gardar un minuto de silencio nun partido de fútbol polo pasamento de Diego Armando Maradona e as súas previsións ao respecto 44369

CSV: BOPGDSPGqzGn7eWpi7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**11895 - 6240 (11/PRE-000739)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Ortega Otero, Marina e 2 máis**
Sobre a información do Goberno galego respecto da problemática existente no centro de menores de Santo Anxo da Garda, de Rábade, así como a súa opinión referida á pertinencia de analizar a situación dos menores e as medidas que se deben adoptar en relación cos acontecementos rexistrados nel 44371

**11995 - 1443 (11/PRE-000879)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Presas Bergantiños, Noa e 2 máis**
Sobre a valoración que fai o Goberno galego do impacto en Galicia da evolución do mercado financeiro tras a situación de emerxencia xerada pola covid-19 44374

**11875 - 1791 (11/PRE-000918)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Francisco Rivera, Juan Carlos e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña**
Sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego para protexer as persoas consumidoras de produtos financeiros diante dunha minoración da oferta de servizos bancarios en Galicia, a consecuencia dos procesos de concentración bancaria 44378

**11997 - 3143 (11/PRE-001124)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Díaz Varela, Noa Susana e Álvarez Martínez, Luis Manuel**
Sobre a situación en que se atopa o inicio por parte da Xunta de Galicia da incoación do expediente para a declaración como ben de interese cultural do castro Lupario, localizado no concello de Rois, e da súa contorna 44380

**12002 - 4206 (11/PRE-001267)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 5 máis**
Sobre a opinión do Goberno galego respecto da existencia dalgún erro nas medidas de prevención fronte á covid-19 aplicadas na residencia Nosa Señora dos Milagres, no concello de Barbadás 44382

**12004 - 4258 (11/PRE-001274)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Ortega Otero, Marina e 3 máis**
Sobre os parámetros ou protocolo obxectivo aplicados antes dos contaxios por covid-19 na Residencia Nosa Señora dos Milagres, no concello de Barbadás 44386

**12009 - 4482 (11/PRE-001308)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Rodil Fernández, Olalla e 2 máis**
Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da restitución dos dereitos laborais do persoal da Consellería de Política Social suspendidos no ano 2012 44391

CSV: BOPGDSPGqzGn7eWpi7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**12017 - 4491 (11/PRE-001310)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Castro Rey, Paloma e 2 máis**
Sobre as previsións da Consellería de Política Social respecto da realización dunha xuntanza cos representantes do seu persoal co fin de reabrir a mesa de negociación para derrogar a Lei 1/2012, de medidas temporais en determinadas materias do emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia 44394

**12010 - 5078 (11/PRE-001373)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Rodil Fernández, Olalla e 2 máis**
Sobre as previsións do Goberno galego respecto do deseño dunha verdadeira renda mínima en Galicia 44397

**11876 - 5140 (11/PRE-001381)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Rodil Fernández, Olalla e 2 máis**
Sobre os labores de inspección da Consellería de Política Social nas residencias de maiores e demais centros que prestan servizos sociais en Galicia 44400

**11730 - 5331 (11/PRE-001403)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis**
Sobre as previsións do Goberno galego respecto do inicio do procedemento para a declaración da casa Cornide, da cidade da Coruña, como ben de interese cultural 44404

**12014 - 5477 (11/PRE-001418)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Presas Bergantiños, Noa e 2 máis**
Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia das repercusións para Galicia da escalada de fusións bancarias no contexto da covid-19 44406

**11883 - 5618 (11/PRE-001435)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis**
Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para o cumprimento do requirimento da Comisión Europea respecto da ampliación da Rede Natura 2000 en Galicia 44410

**11884 - 5793 (11/PRE-001452)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Otero Rodríguez, Patricia e 3 máis**
Sobre as medidas adoptadas pola Xunta de Galicia, desde a detección dos primeiros casos, para atallar o gromo de covid-19 na residencia Asilo de Vilalba 44412

**12011 - 5933 (11/PRE-001464)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

CSV: BOPGDSPGqzGn7eWpi7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Pontón Mondelo, Ana e 18 máis**
Sobre o contido da auditoría que está a realizar a Xunta de Galicia nas residencias de maiores 44416

**11889 - 6089 (11/PRE-001475)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Pontón Mondelo, Ana e 18 máis**
Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para atallar as consecuencias laborais, sociais e económicas da reestruturación financeira e as do ERE do Banco Santander 44420

**11893 - 6182 (11/PRE-001484)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Castro Rey, Paloma e 2 máis**
Sobre as razóns da demora da Consellería de Política Social na atención da solicitude de xuntanza formulada polos traballadores do Consorcio Galego de Benestar 44423

**11896 - 6238 (11/PRE-001489)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Ortega Otero, Marina e 2 máis**
Sobre a información do Goberno galego respecto da problemática existente no centro de menores de Santo Anxo da Garda, de Rábade 44426

**11897 - 6530 (11/PRE-001504)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Rodil Fernández, Olalla e 2 máis**
Sobre as medidas adoptadas e/ou previstas polo Goberno galego para garantir o correcto funcionamento, así como o desenvolvemento, do proxecto educativo do centro de protección de menores Santo Anxo, no concello de Rábade 44429

**11886 - 5846 (11/PRE-001608)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Otero Rodríguez, Patricia e 2 máis**
Sobre a data prevista polo Goberno galego para o inicio das obras para a habilitación dun espazo como sala de agarda propia e digna para as vítimas de violencia de xénero no Xulgado de Violencia sobre a Muller de Viveiro 44432

**11871 - 1442 (11/PRE-001930)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Presas Bergantiños, Noa e 2 máis**
Sobre a valoración que fai o Goberno galego das repercusións no ámbito financeiro da fusión de Bankia e CaixaBank e, en xeral, da posible evolución do mercado financeiro tras o impacto do coronavirus 44435

**11874 - 1792 (11/PRE-001933)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Francisco Rivera, Juan Carlos e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña**

CSV: BOPGDSPGqzGn7eWpi7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre os datos do Goberno galego referidos ao posible impacto da fusión de CaixaBank e Bankia no emprego de Galicia e no seu mercado crediticio e hipotecario, a súa posición en relación coa concentración bancaria e a redución da oferta financeira, e as medidas previstas respecto da exclusión financeira que padece a cidadanía en moitos concellos galegos 44437

**11880 - 5474 (11/PRE-001963)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Presas Bergantiños, Noa e 2 máis**
Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia das repercusións para Galicia das posibles fusións de Caixabank con Bankia e do BBVA co Banco de Sabadell e, en xeral, da posible evolución do mercado financeiro tras o impacto da covid-19 44439

**11882 - 5555 (11/PRE-001964)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Francisco Rivera, Juan Carlos e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña**
Sobre os datos do Goberno galego referidos ao impacto que tería a posible fusión do BBVA co Banco Sabadell no emprego e no mercado crediticio e hipotecario de Galicia e, se é o caso, as medidas que vai implantar ao respecto 44441

**11891 - 6086 (11/PRE-001967)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Presas Bergantiños, Noa e 2 máis**
Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para atallar as consecuencias laborais, sociais e económicas da reestruturación financeira e do ERE do Banco Santander, así como sobre a realización dalgunha avaliación e xestións coas entidades bancarias ao respecto 44443

**11733 - 4379 (11/PRE-002075)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Queixas Zas, Mercedes e 2 máis**
Sobre a valoración que fai o Goberno galego dos dous recentes informes do Consello da Cultura Galega referidos ao impacto da covid-19 no sector cultural, as medidas postas en marcha para palialo e as actuacións inmediatas que está a deseñar, así como as estratexias de comunicación e coordinación activadas cos sectores e axentes culturais 44446

**11731 - 5330 (11/PRE-002094)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis**
Sobre as previsións do Goberno galego respecto do inicio do procedemento para a declaración da Casa Cornide, da cidade da Coruña, como ben de interese cultural 44448

**11998 - 3441 (11/PRE-002215)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 3 máis**
Sobre o gromo de covid-19 detectado na Residencia de persoas maiores Os Gozos, en Pereiro de Aguiar, a demora na detección da presenza do virus e na comunicación dos resultados das probas realizadas, así como as medidas previstas ao respecto 44450


CSV: BOPGDSPGqzGn7eWpi7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**12001 - 4204 (11/PRE-002245)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 5 máis**
Sobre as medidas de prevención e protección fronte ao risco de contaxio por coronavirus implantadas polo Goberno galego na residencia Nosa Señora dos Milagres, no concello de Barbadás, en particular tras a declaración do nivel 3 e o peche perimetral do concello, así como sobre as modificacións introducidas no plan de prevención de riscos laborais e no cadro de persoal do centro 44452

**12003 - 4259 (11/PRE-002248)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Ortega Otero, Marina e 3 máis**
Sobre os parámetros ou protocolo obxectivo aplicados antes dos contaxios por covid-19 na Residencia Nosa Señora dos Milagres, no concello de Barbadás, os medios humanos e materiais habilitados no centro pola administración competente e as razóns que hai para non facilitar os datos dos contaxios por cada residencia xunto cos dos contaxios totais a diario 44456

**12006 - 4478 (11/PRE-002266)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Rodil Fernández, Olalla e 2 máis**
Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da restitución dos dereitos laborais do persoal da Consellería de Política Social suspendidos no ano 2012 e a derrogación da Lei 1/2012, de medidas temporais en determinadas materias do emprego público, así como sobre a valoración que fai das condicións laborais do persoal dos centros asistenciais dependentes desa consellaría 44461

**11878 - 5137 (11/PRE-002300)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Rodil Fernández, Olalla e 2 máis**
Sobre os datos referidos á composición do corpo de inspección da Consellería de Política Social, a opinión do Goberno galego respecto da suficiencia dese persoal e o labor de control e fiscalización que desenvolven nas residencias de maiores e centros que prestan servizos sociais en Galicia 44464

**11888 - 5939 (11/PRE-002334)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Rodil Fernández, Olalla e 2 máis**
Sobre as previsións do Goberno galego referidas á modificación dos seus plans para a construción de sete novas residencias de maiores tras o impacto da covid-19 e as condicións establecidas ao respecto no convenio asinado coa Fundación Amancio Ortega 44468

**11892 - 6183 (11/PRE-002345)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Castro Rey, Paloma e 2 máis**
Sobre as razóns da demora e as previsións da Consellería de Política Social respecto da atención da solicitude de xuntanza formulada polos traballadores do Consorcio Galego de Benestar para solucionar a situación laboral na que se atopan 44472

**11898 - 7427 (11/PRE-002375)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

CSV: BOPGDSPGqzGn7eWpi7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Presas Bergantiños, Noa e 2 máis**
Sobre os resultados da Enquisa conxuntural a fogares e o impacto na economía galega do agravamento da pobreza e da exclusión social durante a crise da covid 44475

**11899 - 7461 (11/PRE-002379)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Rodil Fernández, Olalla e 2 máis**
Sobre a apertura de expedientes a residencias de maiores e os incumprimentos que os motivaron 44480

**11903 - 7484 (11/PRE-002381)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis**
Sobre a adecuación das instalacións do Conservatorio Superior de Música de Vigo e a situación das aulas 44485

**11902 - 7485 (11/PRE-002382)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis**
Sobre a seguridade dos edificios do Conservatorio Superior de Música de Vigo e as condicións de salubridade 44488

**11901 - 7486 (11/PRE-002383)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis**
Sobre a eficiencia enerxética das instalacións do Conservatorio Superior de Música de Vigo, os fungos e o illamento acústico 44491

**11900 - 7487 (11/PRE-002384)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis**
Sobre o estado dos edificios do Conservatorio Superior de Música de Vigo e a necesidade de reforma 44494

**11904 - 7514 (11/PRE-002387)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio**
Sobre as liñas de cambio en canto ao novo modelo de atención residencial por parte da Xunta de Galicia e se considera importante que estea inmerso dentro dun programa integral de medidas cara a un enfoque de atención e coidados dos maiores e persoas dependentes 44497

**11907 - 7964 (11/PRE-002409)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Pérez Fernández, Rosana e 2 máis**
Sobre o gromo de covid-19 producido recentemente na residencia de maiores DomusVi de Ribeira 44500

**11919 - 8118 (11/PRE-002416)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

CSV: BOPGDSPGqzGn7eWpi7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio**
Sobre o número de falecementos e de falecementos por covid-19 en cada unha das residencias de maiores ou centros residencias de Galicia dende o inicio da pandemia 44503

**11918 - 8262 (11/PRE-002428)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio**
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da elaboración dun protocolo de evacuación de todas as persoas positivas en covid-19 residentes nos centros de atención residencial para evitar a propagación do virus, así como sobre a achega dos datos da súa incidencia neles 44506

**11917 - 8507 (11/PRE-002444)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Rodil Fernández, Olalla e 2 máis**
Sobre as medidas adoptadas ou previstas polo Goberno galego para garantir a atención das persoas dependentes e con discapacidade ao cargo de familias monoparentais na actual situación de pandemia 44511

**11906 - 8537 (11/PRE-002450)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Prado Cores, María Montserrat e 2 máis**
Sobre as razóns do Goberno galego para non incluír o persoal do servizo de axuda no fogar e os técnicos de emerxencias sanitarias no servizo de ambulancias non urxente, no grupo de persoal de primeira liña no ámbito sanitario e sociosanitario, co fin de programar a súa vacinación fronte á covid-19 44515

**11727 - 8605 (11/PRE-002453)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Francisco Rivera, Juan Carlos e 3 máis**
Sobre a opinión do Goberno galego respecto da necesidade de suspender as competicións federadas de carácter autonómico de xeito definitivo na presente tempada deportiva, de acordo coas novas medidas restritivas adoptadas pola Consellería de Sanidade, e a valoración da posibilidade de manter ou reorientar as ordes de axuda no caso de que non se inicien 44517

**12013 - 8678 (11/PRE-002460)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis**
Sobre a valoración polo Goberno galego da necesidade de apertura dun centro de día ou espazo similar no concello de Touro 44520

**12015 - 8849 (11/PRE-002489)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Castro Rey, Paloma e 2 máis**
Sobre as previsións do Goberno galego respecto do inicio, no ano 2021, da execución do proxecto de construción dunha escola infantil da rede A Galiña Azul no concello de Salceda de Caselas 44523

CSV: BOPGDSPGqzGn7eWpi7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**11905 - 9081 (11/PRE-002518)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Seco García, Martín e 2 máis**
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da súa intervención para acadar o mantemento dos 36 postos de traballo da empresa Galicia Téxtil, a vinculación da concesión de xeración de enerxía que posúe na Presa do Rei á actividade industrial no sector téxtil, así como sobre as axudas públicas recibidas 44526

**11726 - 9720 (11/PRE-002595)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Rodil Fernández, Olalla e 2 máis**
Sobre a xestión do Goberno galego en relación coa análise das augas residuais como ferramenta de detección, seguimento e control da covid-19 44528

**12012 - 9854 (11/PRE-002627)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Rodil Fernández, Olalla e 2 máis**
Sobre os mecanismos de control que está a aplicar o Goberno galego para evitar irregularidades nas listaxes de vacinación contra a covid-19, a súa opinión respecto do cumprimento do plan establecido en Galicia no caso de dúas persoas relacionadas co grupo DomusVi e as medidas adoptadas ou previstas ao respecto 44530

# 4. Informacións e correccións de erros

## 4.2. Correccións de erros

Corrección de erros na publicación, no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 95, fascículo 1, do 16 de febreiro de 2021, da Lei de residuos e solos contaminados de Galicia 44314

CSV: BOPGDSPGqzGn7eWpi7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O Pleno do Parlamento, na sesión do 9 de marzo de 2021, adoptou os seguintes acordos:

# 1. Procedementos parlamentarios

## 1.3. Procedementos de control e impulso
### 1.3.5. Mocións
### 1.3.5.4. Mocións tramitadas

**Aprobación por unanimidade con modificacións**

- 11850 (11/MOC-000029)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Varela, Noa Susana
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación cos efectos da pandemia da covid-19 nas mulleres galegas. (Moción consecuencia da Interpelación nº 7604, publicada no BOPG nº 79, do 20.01.2021, e debatida na sesión plenaria do 23.02.2021)
BOPG nº 105, do 03.03.2021

Sométese a votación por puntos e o resultado é o seguinte:

Puntos 3, 5 e 11: aprobados pola unanimidade dos 71 deputados e deputadas.

Resto dos puntos: rexeitados por 32 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1. Asegurar que a perspectiva de xénero estea presente nos proxectos presentados pola Administración autonómica galega aos Fondos Next Generation.

2. Revisar o Plan galego de conciliación e corresponsabilidade 2018-2021 para incorporar posibles novas accións que dean resposta á nova realidade xurdida coa pandemia.

3. Establecer medios para combater a fenda dixital de xénero, sobre todo naqueles fogares máis vulnerables con dificultades de acceso a internet e a dispositivos electrónicos que impiden o mantemento do emprego cando a única opción é o teletraballo.»

- 11854 (11/MOC-000030)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Alfonzo, Ramón
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa obtención de novas oportunidades de explotación enerxética en Galicia. (Moción consecuencia da Interpelación nº 9630, publicada no BOPG nº 91, do 10.02.2021, e debatida na sesión plenaria do 23.02.2021)
BOPG nº 105, do 03.03.2021

CSV: BOPGDSPGqzGn7eWpi7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sométese a votación e resulta aprobada, con modificacións respecto do texto orixinal, pola unanimidade dos 71 deputados e deputadas.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España coa finalidade de:

1. Condicionar o proceso de peche a que se chegue a un acordo coa representación dos e das traballadoras que garanta a continuidade do emprego e proxectos concretos de futuro.

2. Condicionar a participación de Endesa na poxa de evacuacións e novas autorizacións, concesións e adxudicacións de MW á consecución dun acordo que garanta o emprego dos traballadores da empresa principal e das auxiliares. A asignación de novas instalacións de produción e enerxías renovables nas Pontes e en toda a comarca conterá, necesariamente, un proxecto de desenvolvemento económico e un plan industrial para a súa execución.

3. Posibilitar que a concesión de acceso aos nodos de rede afectados polos peches das térmicas de Galicia sirvan para incentivar a implantación de proxectos nos territorios que perden tecido empresarial e blindar o emprego nestas zonas onde se poxa a capacidade de acceso á rede de transporte.

4. Garantir a implementación de novas proxectos industriais na comarca que emanen dos convenios de transición xusta e dos plans Futur-E de Endesa.

5. Cumprir tanto os obxectivos como as diferentes medidas acordadas no Plan de Acción Urxente 2019-2021 para comarcas de carbón e centrais en peche.

6. Ofrecer unha solución de continuidade industrial á central das Pontes, de xeito que se garanta o mantemento dos postas de traballo, non só da central senón tamén os da industria auxiliar e dos transportistas.

7. Instar o Goberno de España a convocar urxentemente a Mesa de Traballo para a transición enerxética xusta para As Pontes, así como a constitución dunha mesa específica para tratar a problemática do persoal da industria auxiliar de Endesa, co obxecto de concretar o número de traballadores e traballadoras afectados e a súa garantía de emprego.

8. Demandar a implicación e colaboración do Goberno español e da Xunta de Galicia para apoiar conxuntamente os proxectos industriais de reindustrialización necesarios a implantar nas Pontes para optar aos fondos da UE Next Generation.

9. Avanzar no Convenio de Transición Xusta para As Pontes para poder completalo canto antes cun cronograma definido de financiación e accións a realizar.»

**Rexeitamento da iniciativa**

- 11786 (11/MOC-000028)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

CSV: BOPGDSPGqzGn7eWpi7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rodil Fernández, Olalla
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto que está a ter para as mulleres a crise económica xerada pola covid-19. (Moción consecuencia da Interpelación nº 9382, publicada no BOPG nº 88, do 03.02.2021, e debatida na sesión plenaria do 23.02.2021)
BOPG nº 105, do 03.03.2021

Sométese a votación e resulta rexeitada por 32 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.

**1.3.6. Proposicións non de lei**
**1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno**
**1.3.6.1.4. Proposicións tramitadas**

**Aprobación por unanimidade con modificacións**

- 10324 (11/PNP-001027)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Prado del Río, Paula e catorce deputados/as máis
Sobre a elaboración pola Xunta de Galicia da avaliación do II Programa de muller e ciencia, así como sobre o inicio da elaboración do III programa. (Procedemento de urxencia)
BOPG nº 91, do 10.02.2021

Sométese a votación e resulta aprobada, con modificacións respecto do texto orixinal, pola unanimidade dos 65 deputados e deputadas.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento insta a Xunta de Galicia a:

1. Elaborar neste período de sesións a avaliación do II Programa de Muller e Ciencia

2. Rematada a avaliación, iniciar a elaboración do lll Programa de Muller e Ciencia, dentro da Unidade de Muller e Ciencia e en colaboración coa Comisión Interdepartamental de I+D+i e as Asociacións de Mulleres na Ciencia de Galicia, e as entidades do tecido asociativo investigador galego. Para a súa correcta execución, este programa deberá contar cun orzamento propio incluíndo unha partida específica e suficiente que garanta o funcionamento da Unidade de Muller e Ciencia.

3. Introducir as accións necesarias, mesmo se for preciso modificando a normativa vixente, para garantir a incorporación e participación na Unidade de Muller e Ciencia das entidades e colectivos representativos do ámbito investigador galego».

- 11189 (11/PNP-001108)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Díaz Mouteira, María Sol e seis deputados/as máis
Sobre a demanda do Goberno galego ao Goberno central da transferencia a Galicia das competencias para a xestión do dominio público marítimo-terrestre
BOPG nº 101, do 24.02.2021

CSV: BOPGDSPGqzGn7eWpi7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sométese a votación e resulta aprobada, con modificacións respecto do texto orixinal, pola unanimidade dos 65 deputados e deputadas.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a demandar ao Goberno de España o traspaso das competencias para a xestión do dominio público marítimo-terrestre e as competencias de ordenación do sector pesqueiro e a investigación oceanográfica».

- 11376 (11/PNP-001122)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e dous deputados/as máis
Sobre a demanda ao Goberno do Estado para a presentación de recurso contra a sentenza da Audiencia Provincial en relación co pazo de Meirás para defender a verdade histórica e o interese público e para evitar calquera indemnización á familia Franco
BOPG nº 101, do 24.02.2021

Acumúlase na anterior a seguinte:

- 11414 (11/PNP-001127)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma
Sobre a demanda ao Goberno do Estado para que se esgoten todas as posibilidades xurídicas para a defensa do interese do Estado, incluíndo, de ser tecnicamente posible e aconsellable, a interposición de recurso contra a Sentenza 60/2021, da Sección Terceira da Audiencia Provincial da Coruña, no relativo ao pronunciamento favorable á indemnización dos gastos realizados no inmoble pola familia Franco
BOPG nº 101, do 24.02.2021

Sométese a votación e resulta aprobada, con modificacións respecto do texto orixinal, pola unanimidade dos 65 deputados e deputadas.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento acorda apoiar e demandar que a Administración xeral do estado así como a Xunta de Galicia interpoñan os recursos oportunos contra da sentenza 60/2021, do 12 de febreiro, da Audiencia Provincial da Coruña, no relativo á condición e liquidación posesoria de boa fe, así como, se for o caso, á comparecencia como partes recorridas en defensa dos restantes pronunciamentos da parte dispositiva da sentenza. Todo isto en concordancia co acordo do Pleno do Parlamento de 11 de xullo de 2018, a prol da recuperación do Pazo de Meirás para o patrimonio público e de que aquela non supoña un novo custo para o pobo galego, evitando que os herdeiros do espolio obteñan ningún beneficio económico con el».

## Rexeitamento da iniciativa

- 6106 (11/PNP-000702)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

CSV: BOPGDSPGqzGn7eWpi7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Prado Cores, María Montserrat e dous deputados/as máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para prestar unha axeitada atención á saúde mental
BOPG nº 59, do 09.12.2020

Sométese a votación e resulta rexeitada por 28 votos a favor, 37 votos en contra e ningunha abstención.

- 9423 (11/PNP-000947)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e dous deputados/as máis
Sobre o mantemento polo Goberno galego do funcionamento do CEIP de Baamonde, no concello de Begonte, desbotando calquera posibilidade de desafectar o centro
BOPG nº 91, do 10.02.2021

Sométese a votación e resulta rexeitada por 28 votos a favor, 37 votos en contra e ningunha abstención.

Santiago de Compostela, 11 de marzo de 2021
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

## 1.4. Procedementos de información
### 1.4.5. Respostas a preguntas

A Mesa do Parlamento, na súa reunión do día 9 de marzo de 2021, tivo coñecemento das respostas da Xunta de Galicia ás seguintes preguntas con resposta escrita:

- 11872 - 1396 (11/PRE-000110)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis
Sobre os datos referidos aos convenios asinados e as subvencións e axudas de calquera tipo concedidas por parte de Augas de Galicia ao Concello de Oza-Cesuras no exercicio 2019 e durante a décima lexislatura

- 11870 - 1444 (11/PRE-000119)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 2 máis
Sobre a valoración que fai o Goberno galego das repercusións no ámbito financeiro da fusión de Bankia e CaixaBank e, en xeral, da posible evolución do mercado financeiro tras o impacto do coronavirus

- 11873 - 1793 (11/PRE-000179)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Francisco Rivera, Juan Carlos e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña

CSV: BOPGDSPGqzGn7eWpi7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre os datos do Goberno galego referidos ao posible impacto da fusión de CaixaBank e Bankia no emprego de Galicia e no seu mercado crediticio e hipotecario, a súa posición en relación coa concentración bancaria e a redución da oferta financeira, e as medidas previstas respecto da exclusión financeira que padece a cidadanía en moitos concellos galegos

- 11996 - 3144 (11/PRE-000353)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Varela, Noa Susana e Álvarez Martínez, Luis Manuel
Sobre a situación en que se atopa o inicio por parte da Xunta de Galicia da incoación do expediente para a declaración como ben de interese cultural do castro Lupario, localizado no concello de Rois, e da súa contorna ou, se é o caso, as previsións ao respecto, así como o mantemento na actualidade do compromiso da Dirección Xeral de Enerxía e Minas de non ordenar o inicio das obras da liña de alta tensión Lousame-Tibo ata a súa consecución

- 11999 - 3440 (11/PRE-000397)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 3 máis
Sobre o gromo de covid-19 detectado na Residencia de persoas maiores Os Gozos, no Pereiro de Aguiar, a demora na detección da presenza do virus e na comunicación dos resultados das probas realizadas, así como as medidas previstas ao respecto

- 12000 - 4205 (11/PRE-000504)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 5 máis
Sobre as medidas de prevención e protección fronte ao risco de contaxio por coronavirus implantadas polo Goberno galego na residencia Nosa Señora dos Milagres, no concello de Barbadás, en particular tras a declaración do nivel 3 e o peche perimetral do concello, así como as modificacións introducidas no plan de prevención de riscos laborais e no cadro de persoal do centro

- 12007 - 4260 (11/PRE-000513)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Ortega Otero, Marina e 3 máis
Sobre os parámetros ou protocolo obxectivo aplicados antes dos contaxios por covid-19 na Residencia Nosa Señora dos Milagres, no concello de Barbadás, os medios humanos e materiais habilitados no centro pola administración competente e as razóns que hai para non facilitar os datos dos contaxios por cada residencia xunto cos dos contaxios totais a diario

- 11732 - 4380 (11/PRE-000531)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e 2 máis
Sobre a valoración que fai o Goberno galego dos dous recentes informes do Consello da Cultura Galega referidos ao impacto da covid-19 no sector cultural, as medidas postas en marcha para palialo e as actuacións inmediatas que está a deseñar, así como as estratexias de comunicación e coordinación activadas cos sectores e axentes culturais

- 12005 - 4479 (11/PRE-000546)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

CSV: BOPGDSPGqzGn7eWpi7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis
Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da restitución dos dereitos laborais do persoal da Consellería de Política Social suspendidos no ano 2012 e a derrogación da Lei 1/2012, de medidas temporais en determinadas materias do emprego público, así como sobre a valoración que fai das condicións laborais do persoal dos centros asistenciais dependentes desa consellaría

- 12008 - 4494 (11/PRE-000547)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Castro Rey, Paloma e 2 máis
Sobre as previsións da Consellería de Política Social respecto da realización dunha xuntanza cos representantes do seu persoal co fin de reabrir a mesa de negociación para derrogar a Lei 1/2012, de medidas temporais en determinadas materias do emprego público, a valoración que fai das súas condicións laborais e do traballo desenvolvido desde o inicio da pandemia, así como sobre a súa opinión respecto da necesidade de aumentar o actual número de prazas

- 11877 - 5138 (11/PRE-000617)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 2 máis
Sobre os datos referidos á composición do corpo de inspección da Consellería de Política Social, a opinión do Goberno galego respecto da suficiencia dese persoal e o labor de control e fiscalización que desenvolven nas residencias de maiores e centros que prestan servizos sociais en Galicia

- 11879 - 5475 (11/PRE-000661)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 2 máis
Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia das repercusións para Galicia das posibles fusións de Caixabank con Bankia e do BBVA co Banco de Sabadell e, en xeral, da posible evolución do mercado financeiro tras o impacto da covid-19

- 11881 - 5556 (11/PRE-000670)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Francisco Rivera, Juan Carlos e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña
Sobre os datos do Goberno galego referidos ao impacto que tería a posible fusión do BBVA co Banco Sabadell no emprego e no mercado crediticio e hipotecario de Galicia e, se é o caso, as medidas que vai implantar ao respecto

- 11728 - 5616 (11/PRE-000678)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis
Sobre as razóns da Xunta de Galicia para paralizar a tramitación da proposta de ampliación da Rede Natura 2000 iniciada no ano 2012 e o número de parques eólicos construídos, de proxectos eólicos previstos ou en tramitación e de proxectos de repotenciación previstos no ámbito territorial desa ampliación

- 11963 - 5794 (11/PRE-000694)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

CSV: BOPGDSPGqzGn7eWpi7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Otero Rodríguez, Patricia e 3 máis
Sobre as medidas adoptadas pola Xunta de Galicia, desde a detección dos primeiros casos, para atallar o gromo de covid-19 na residencia Asilo de Vilalba e os motivos do seu alcance

- 11885 - 5848 (11/PRE-000699)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Otero Rodríguez, Patricia e 2 máis
- Estase xestionando a convocatoria dunha nova edición do curso de capacitación para o posto de inspector/a de servizos sociais en colaboración coa Escola Galega de Administración Pública que provee e habilita para a función inspectora. As funcións da inspección de servizos sociais están definidas no artigo 73 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

Son funcións da inspección de servizos sociais as seguintes:

a) Verificar o cumprimento dos requisitos e das condicións exixibles para a prestación e o funcionamento dos servizos de conformidade coa súa normativa sectorial específica e mais para a acreditación en materia de servizos sociais.

b) Velar polo respecto dos dereitos das persoas usuarias dos servizos sociais.

c) Controlar o cumprimento da normativa vixente e o nivel de calidade dos servizos sociais que se presten no territorio de Galicia, e pode formular propostas de mellora na calidade dos servizos sociais.

d) Asesorar, no exercicio das actuacións de inspección, as entidades prestadoras de servizos sociais titulares ou xestoras de centros, programas ou servizos e as persoas usuarias ou os seus representantes legais sobre os seus respectivos dereitos e deberes e sobre a forma de cumprir as disposicións vixentes sobre a materia.

e) Emitir informe sobre o destino e a adecuada utilización das subvencións e axudas públicas percibidas por persoas físicas ou xurídicas en materia de servizos sociais, así como sobre calquera outra axuda económica articulada a través de convenios, contratos ou outras figuras establecidas na normativa vixente.

f) Recibir e investigar queixas e reclamacións.

g) Emitir informes e propoñer a iniciación de expedientes sancionadores, a adopción de medidas cautelares, a clausura ou o cesamento definitivo de servizos, centros e programas, a suspensión ou o cesamento temporal de servizos, centros e programas, a

CSV: BOPGDSPGqzGn7eWpi7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 2021

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2021 10:24:39
Nº Rexistro: 11876
Data envío: 01/03/2021 10:24:39.265

revogación das autorizacións e das resolucións ditadas no procedemento de comprobación no caso de servizos suxeitos a declaración responsable, así como a revogación e suspensión das acreditacións concedidas.

h) Todas aquelas funcións que lle encomende esta lei ou a súa normativa de desenvolvemento

Por outra parte o Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia, desenvolve no capítulo V esta materia.

Ademais diso os protocolos de inspección constitúen a pauta dentro de cada unha das áreas de servizos sociais para a realización das inspeccións.

As inspeccións realizadas teñen o mesmo obxecto para cada tipo de centro e área con independencia do seu carácter público ou privado".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGqzGn7eWpi7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 2021

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2021 10:24:39
Nº Rexistro: 11876
Data envio: 01/03/2021 10:24:39.265

**Asinado dixitalmente por:**

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/03/2021 10:24:35**

CSV: BOPGDSPGqzGn7eWpi7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 5331** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noa Díaz Varela e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións do Goberno galego respecto do inicio do procedemento para a declaración da casa Cornide, da cidade da Coruña, como ben de interese cultural"**, (publicada no BOPG número 52 do 25 de novembro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Universidade,** que ten o seguinte contido:

**"**A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 7157 e debatida no Pleno do Parlamento o 29 de xaneiro de 2021; á que nos remitimos porque recolle os trámites levados a cabo pola Xunta de Galicia para a declaración como ben de interese cultural da Casa Cornide.

O debate pode ser consultado no seguinte enlace:
http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-4-educacion-cultura-2021-01-29?part=f5b47eb2-f719-4a81-a41a-a1f8d43a2bca&start=2817 **".**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGqzGn7eWpi7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 24/02/2021 20:07:16

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/02/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 11730
Data envio: 24/02/2021 20:07:19.243

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/02/2021 20:07:16

CSV: BOPGDSPGqzGn7eWpi7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 5477**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a valoración que fai a Xunta de Galicia das repercusións para Galicia da escalada de fusións bancarias no contexto da covid-19"**, (publicada no BOPG número 52 do 25 de novembro de 2020),convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda e Administración Pública,** que ten o seguinte contido:

**"**A reestruturación do sistema financeiro, os procesos de consolidación de entidades e a reformulación do negocio bancario é un feito xeneralizado a nivel global. O propio Banco Central Europeo publicaba en outubro de 2017 un informe que sinalaba que o proceso de consolidación no sector bancario cobrouse, dende o inicio da crise financeira do ano 2008, a desaparición dun 25% dos bancos europeos.

Desde a crise financeira, o sector bancario estivo inmerso nun proceso de reestruturación gradual, na busca de novos modelos de negocio axustados aos novos retos que se presentan: o novo marco regulatorio, os tipos de xuros negativos, a dixitalización do sector, a resolución de activos dubidosos, a entrada de novos competidores, etc. A crise sanitaria da Covid, co conseguinte efecto traumático na economía, acelerou este proceso consolidación bancaria, en de entidades máis fortes e resilientes.

O anuncio no ano 2020 de novas operacións de consolidación como a de Caixabank-Bankia, Unicaja-Liberbank, BBVA-B.Sabadell (se ben, está última anunciouse a ruptura de negociacións por parte das entidades) ou operacións similares en Italia ou

CSV: BOPGDSPGqzGn7eWpi7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 2021



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS
INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las
02/03/2021 14:47:28

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Alemaña, anuncian a continuidade deste proceso nos vindeiros anos, incrementando ogrado de concentración bancaria.

Porén, hai que ter en conta factores que matizan este incremento, como son a dixitalización, que facilita a prestación dunha ampla gama de servicios financeiros, a presenza cada vez máis intensa de novos competidores non bancarios, ou o papel importante que en determinados ámbitos territoriais poden xogar entidades mais enfocadas ao negocio domestico, neste sentido o propio Banco de España considera que o nivel de competencia no sector é elevado.

Na nosa Comunidade Autónoma, o Informe sobre a Concentración Bancaria, elaborado pola Comisión Galega da Competencia, realizou unha exhaustiva análise do mercado bancario galego, advertindo que os niveis de concentración no mercado galego tamén son elevados.

Con todo hai unha serie de factores como o que ningunha entidade teña unha posición dominante no mercado, a elevada competencia potencial, o papel da banca “en liña” ou a regulación e supervisión á que está sometido o sector por parte do Goberno do estado e do banco de España que atenúan os riscos deste proceso .

Porén, como xa se ten manifestado en numerosas ocasións, a concentración bancaria é unha preocupación compartida polo Goberno galego. A este respecto, desde a Xunta de Galicia sempre estivemos, estamos e estaremos comprometidos a defender, dentro das nosas competencias, todas aquelas iniciativas que implican o mantemento de entidades financeiras radicadas en Galicia.

Por último, sinalar que a administración galega, a través do IGAPE e XESGALICIA, está a facilitar  o financiamento do tecido produtivo galego con diferentes servizos e instrumentos.  Sirva como exemplo que, a través do Plan de Reactivación e Dinamización Económica de Galicia, lévanse mobilizado xa operacións de préstamo por 180 millóns de euros en condicións vantaxosas en favor de PEMES, autónomos e sectores máis castigados pola situación de emerxencia sanitaria.

CSV: BOPGDSPGqzGn7eWpi7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 2021

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

galicia

Para seguir traballando nesta liña, ao lado das empresas galegas, e tamén para impulsar novos investimentos industriais que permitan unha Galicia con máis futuro, nos orzamentos aprobados para este ano 2021 multiplícanse por tres os fondos dirixidos a instrumentos de financiamento ata chegar aos 187 millóns de euros".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGqzGn7eWpi7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 2021

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 12014
Data envio: 02/03/2021 14:47:34.227

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/03/2021 14:47:28

CSV: BOPGDSPGqzGn7eWpi7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2021 10:27:27
Nº Rexistro: 11883
Data envio: 01/03/2021 10:27:27.843
Data 01/03/2021 10:27

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 5618**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luís Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as actuacións previstas polo Goberno galego para o cumprimento do requirimento da Comisión Europea respecto da ampliación da Rede Natura 2000 en Galicia"**, (publicada no BOPG número 52 do 25 de novembro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

**"**A Xunta de Galicia está levando a cabo os traballos previos para a realización dunha proposta de ampliación suficientemente avalada desde o punto de vista técnico e científico. De feito, nesta lexislatura elaborarase unha nova proposta de declaración de Lugares de Importancia Comunitaria (LIC) ou ampliación das Zonas de Especial Conservación (ZEC). Actualmente, estase traballando no deseño técnico e metodolóxico da cartografía**"**.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGqzGn7eWpi7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 2021



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 01/03/2021 10:27:23

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2021 10:27:27
Nº Rexistro: 11883
Data envio: 01/03/2021 10:27:27.843

**Asinado dixitalmente por:**

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/03/2021 10:27:23**

CSV: BOPGDSPGqzGn7eWpi7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2021 10:27:50
Nº Rexistro: 11884
Data envio: 01/03/2021 10:27:50.390
Data 01/03/2021 10:27

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 5793**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Otero Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as medidas adoptadas pola Xunta de Galicia, desde a detección dos primeiros casos, para atallar o gromo de covid-19 na residencia Asilo de Vilalba"**, (publicada no BOPG número 56 do 2 de decembro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social,** que ten o seguinte contido:

**"**A Orde SND/275/2020, do 23 de marzo, pola que se establecen medidas complementarias de carácter organizativo, así como a subministración de información no ámbito dos centros de servizos sociais de carácter residencial en relación coa xestión da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, que recoñece a especial vulnerabilidade das persoas maiores, as persoas con discapacidade ou outros usuarios de centros residenciais e centros sociais con internamento ante a infección COVID-19, e a necesidade de dispoñer de recursos para a atención dos mesmos, obriga a adoptar novas medidas dirixidas a reducir o risco de contaxio e garantir a posibilidade de utilización de todos os recursos dispoñibles para a atención social e sanitaria destes colectivos.

En virtude do disposto no punto terceiro, apartado c, da Orde SND/275/2020, do 23 de marzo, a autoridade sanitaria competente da comunidade autónoma poderá, en función da situación epidémica e asistencial de cada centro residencial ou territorio concreto e sempre atendendo a principios de necesidade e proporcionalidade, intervir os centros residenciais e dispoñer unha serie de actuacións neles.

Deste xeito, a Consellería de Sanidade conxuntamente coa Consellería de Política Social acordaron levar a cabo dous tipos de actuacións. Por unha banda, a creación de Residencias Integradas para illamento e tratamento das persoas diagnosticadas con COVID-19 nos casos recollidos a continuación e, por outra, a intervención en centros

CSV: BOPGDSPGqzGn7eWpi7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 2021



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 01/03/2021 10:27:46

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2021 10:27:50
Nº Rexistro: 11884
Data envío: 01/03/2021 10:27:50.390

residenciais, propoñendo distintos tipos de medidas, entre as que se atopan o apoio con empregados públicos, nas residencias con maiores dificultades no control das persoas infectadas ou na contención do brote, no seu caso, motivo polo que estas residencias denomínanse Residencias Intervidas ou 'con expediente de intervención', de acordo coa terminoloxía empregada polo Goberno central.

Cando se detecta un caso confirmado de COVID-19 nunha residencia de maiores, nun centro de discapacidade ou noutros centros sociosanitarios para a atención as persoas con enfermidade mental grave, os equipos asistenciais do Servizo Galego de Saúde, en función da súa situación clínica, poderán decidir o seu traslado a un centro hospitalario, a unha residencia integrada ou a súa permanencia no centro onde reside e, si se considera preciso, a intervención desta (sempre que sexa posible establecer medidas de illamento nela).

As Residencias Integradas son espazos residenciais destinados ao seguimento e tratamento das persoas con COVID-19 positivo paucisintomáticos ou con sintomatoloxía leve nas que non é necesaria a hospitalización. O obxectivo destas residencias é preservar aos residentes dos centros de orixe dun posible contaxio e, ademais, agrupar os casos confirmados de COVID-19 para realizar un tratamento continuado con persoal sanitario do Servizo Galego de Saúde.

Nestes centros, a Consellería de Sanidade asume o control total tanto da asistencia sanitaria como da xestión polo que a xerencia da área sanitaria na que se atope a residencia integrada, ou persoa/s en quen delegue, e dirixirá todas as actuacións que teñan lugar nela.

A Residencia Intervida é a que o Servizo Galego de Saúde asume ou apoia no control sanitario dela, polo que estará sometida a unha supervisión continua durante o período que dure a intervención. A persoa encargada de organizar esta intervención é o/a xerente da área sanitaria ou persoa en quen delegue.

O Goberno galego interveu residencias desde o inicio da pandemia sempre que a calidade asistencial se viu comprometida e atendendo a criterios unicamente sanitarios.

CSV: BOPGDSPGqzGn7eWpi7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2021 10:27:50
Nº Rexistro: 11884
Data envío: 01/03/2021 10:27:50.390

Deste xeito, o 19 de novembro de 2020 a Consellería de Sanidade e a Consellería de Política Social asinaron unha resolución conxunta pola que se acorda a intervención da Residencia de Persoas Maiores Asilo de Vilalba co fin de reforzar o persoal do centro. Unha vez avaliada a situación da residencia, as consellerías de Sanidade e Política Social acordaron tomar esa medida co obxectivo de garantir a calidade asistencial e a correcta protección da saúde tanto das persoas usuarias como das traballadoras e traballadores do centro.

Un equipo da Consellería de Política Social e outro do Servizo Galego de Saúde (Sergas) desprazáronse ao centro para facer un seguimento permanente sobre a situación dos residentes, así como para vixiar a correcta aplicación das medidas de prevención, seguridade e hixiene fronte á covid-19 aprobadas pola Xunta de Galicia. Os profesionais do Sergas tamén velaron pola continuidade dunha atención sanitaria axeitada na residencia.

Actualmente a residencia xeriátrica Asilo de Vilalba non conta con ningún usuario ou traballador contaxiado con covid-19".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGqzGn7eWpi7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 2021

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2021 10:27:50
Nº Rexistro: 11884
Data envio: 01/03/2021 10:27:50.390

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/03/2021 10:27:46

CSV: BOPGDSPGqzGn7eWpi7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 5933**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Pontón Mondelo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"o contido da auditoría que está a realizar a Xunta de Galicia ás residencias de maiores. (Procedemento de urxencia)"**, (publicada no BOPG número 56 do 2 de decembro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social,** que ten o seguinte contido:

**"**En relación á auditoría que a Xunta de Galicia realiza ás residencias de maiores, cómpre informar que o Goberno galego contesta a todas as denuncias e actúa sempre que se detecta ou se ten coñecemento de posibles deficiencias no funcionamento dun centro de servizos sociais.

O ano pasado, o Plan de Inspección viuse fortemente condicionado pola pandemia da covid-19, especialmente nas residencias de maiores, onde a comprobación do cumprimento da normativa se fixo máis necesaria ca nunca.

O Goberno galego cumpriu o Plan de Inspección e realizou máis de 360 inspeccións en residencias de maiores e discapacidade; os técnicos de inspección iniciaron 53 procedementos sancionadores en residencias de maiores, todos eles por deficiencias con respecto á normativa de servizos sociais; ademais, comezouse a desenvolver en todas as residencias de Galicia un programa intensivo de auditorías sobre o cumprimento dos protocolos e o establecemento de medidas para plantar cara ao virus.

CSV: BOPGDSPGqzGn7eWpi7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 2021



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS
INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las
02/03/2021 14:46:04

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

Esta avaliación lévase a cabo cada 15 días, e é complementario ás inspeccións conxuntas, sociais e sanitarias que se fan de xeito ordinario.

Co fin de axudar ás residencias a facer fronte á pandemia, sobre todo nos puntos críticos que se viñan identificando como tal á hora de evitar ou controlar un brote, planeouse a realización de auditorías para supervisar o grao de implantación destes elementos e a eventual realización de modificacións ou melloras nos procesos.

As auditorías comezáronse a realizar ao principio de decembro, estimándose realizar mais de 300 visitas aos centros residenciais nun prazo de 3-4 semanas nunha primeira fase. Este calendario foise axustando en función da situación dos centros, evitando as visitas se nun centro tiñan casos positivos nese momento.

Tendo en conta o volume de traballo no prazo de tempo definido, as auditorías fixéronse por técnicos superiores de prevención de riscos laborais mediante visitas polas instalacións dos centros e entrevistas con aquelas persoas que consideraron os técnicos.

Empregaron un cuestionario de 83 ítems co obxectivo de coñecer a súa situación e preparación fronte ao covid-19 e deste xeito, detectar os aspectos de mellora que puideran ter os centros residenciais e informando dos resultados sa súa visita á Dirección Xeral de Atención Integral Sociosanitaria.

Fixéronse recomendacións in situ sobre aspectos a mellorar en relación aos ítems da auditoría.

Cando se detectou algunha residencia que necesitaba un apoio metodolóxico máis intenso desprazáronse técnicos da consellería de Política Social para implantar procesos de mellora naqueles eidos que se consideraron máis críticos.

Resaltar a total colaboración por parte das residencias co proceso de auditoría e o seu espírito construtivo á hora de adoptar as melloras recomendadas polos técnicos que as levaron a cabo.

CSV: BOPGDSPGqzGn7eWpi7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 2021

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

Nunha segunda fase os técnicos volverán a visitar os centros para volver a valorar cales aspectos foron mellorados respecto da primeira visita".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGqzGn7eWpi7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 2021

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 12011
Data envío: 02/03/2021 14:46:12.852

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/03/2021 14:46:04

CSV: BOPGDSPGqzGn7eWpi7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2021 10:29:01
Nº Rexistro: 11889
Data envio: 01/03/2021 10:29:01.655
Data 01/03/2021 10:28

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 6089**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Pontón Mondelo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as actuacións previstas polo Goberno galego para atallar as consecuencias laborais, sociais e económicas da reestruturación financeira e as do ERE do Banco Santander"**, (publicada no BOPG número 59 do 9 de decembro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

**"**O pasado 5 de febreiro a Xunta de Galicia deu resposta á pregunta oral en comisión número de rexistro 7214 sobre a situación económica e social xerada en Galicia por mor da nova reestruturación do Banco Santander a proposta do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, na Comisión 3ª Economía, Facenda e Orzamentos.

Sobre este asunto cabe destacar que o Expediente de Regulación de Emprego (ERE) é de ámbito nacional xa que afecta a varias comunidades autónomas, sendo neste caso o '*Ministerio de Trabajo y Economía Social'* a autoridade laboral que ten vixiado que o procedemento administrativo conte con todas as formalidades legais, dando conta ás administracións das comunidades autónomas afectadas, como é o caso da Xunta de Galicia, que sempre ten defendido a necesidade de que esta operación tivese o menor efecto posible sobre as traballadoras e traballadores galegos.

Tendo solicitado información actual para coñecer o estado do ERE á '*Dirección General de Trabajo'* do citado Ministerio, no día de 4 de febreiro, comunicou o seguinte:

CSV: BOPGDSPGqzGn7eWpi7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 2021



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 01/03/2021 10:28:58

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2021 10:29:01
Nº Rexistro: 11889
Data envio: 01/03/2021 10:29:01.655

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

*O ERE finaliza con acordo o 15/12/20 e afecta a un total de 3.572 traballadores a nivel nacional. A adscrición dos traballardes ao ERE é voluntaria e poderase facer ata o 31/12/21. A empresa non remitiu á DGT os nomes dos traballadores afectados porque dispón ata finais do ano 2021 para adscribilos e esta adscrición é voluntaria, é dicir, non hai listado inicial de traballadores e traballadoras afectadas*".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGqzGn7eWpi7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 2021

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2021 10:29:01
Nº Rexistro: 11889
Data envío: 01/03/2021 10:29:01.655

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/03/2021 10:28:58

CSV: BOPGDSPGqzGn7eWpi7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2021 10:29:43
Nº Rexistro: 11893
Data envio: 01/03/2021 10:29:43.499
Data 01/03/2021 10:29

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 6182**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as razóns da demora da Consellería de Política Social na atención da solicitude de xuntanza formulada polos traballadores do Consorcio Galego de Benestar"**, (publicada no BOPG número 63 do 16 de decembro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social,** que ten o seguinte contido:

**"**En relación á situación laboral dos traballadores e traballadoras do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar informar que, en marzo de 2017, a Xunta de Galicia e as organizacións sindicais CC.OO, UGT e CIG asinaron o acordo de integración do persoal do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar no Convenio colectivo único do persoal laboral da Xunta de Galicia.

Mediante este acordo asinado coas tres principais organizacións sindicais, e que foi ademais ratificado por unanimidade polos catro comités provinciais de empresa do Consorcio, fóronse mellorando as condicións laborais do persoal deste ente público en aspectos como:

- Equiparación salarial co resto do persoal da Xunta de Galicia, que rematará en 2022
- Equiparación da xornada laboral
- Pago de trienios
- Equiparación do réxime de permisos, licencias e vacacións co resto do persoal da Xunta.
- E outras cuestións que se recollen no texto.

Este acordo tamén prevé que as prazas do persoal do Consorcio ocupadas interinamente

CSV: BOPGDSPGqzGn7eWpi7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 2021



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 01/03/2021 10:29:39

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2021 10:29:43
Nº Rexistro: 11893
Data envio: 01/03/2021 10:29:43.499

por persoal temporal ou indefinido non fixo serán incluídas na Oferta de Emprego Público (OPE) da Xunta de Galicia. Así se vén de facer coa publicación desta OPE no Diario Oficial de Galicia (DOG) de 29 de decembro de 2020 por parte da Consellería de Facenda, que é a competente para facelo, de acordo coa normativa vixente. Polo tanto, a Xunta de Galicia está a cumprir o asinado cos lexítimos representantes dos traballadores, que son os comités de empresa e as principais organizacións sindicais.

Non obstante, e respectando o desacordo manifestado polos traballadores representados na asociación ASOCIATEM, está previsto que se poida celebrar unha reunión na que participen representantes da Dirección Xeral de Función Pública e do propio Consorcio para explicar o cumprimento do acordo".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGqzGn7eWpi7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2021 10:29:43
Nº Rexistro: 11893
Data envio: 01/03/2021 10:29:43.499

**Asinado dixitalmente por:**

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/03/2021 10:29:39**

CSV: BOPGDSPGqzGn7eWpi7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2021 10:30:15
Nº Rexistro: 11896
Data envío: 01/03/2021 10:30:15.124
Data 01/03/2021 10:30

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 6238**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Marina Ortega Otero e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a información do Goberno galego respecto da problemática existente no centro de menores de Santo Anxo de Rábade”**, (publicada no BOPG número 63 do 16 de decembro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social,** que ten o seguinte contido:

**“**É importante informar que non existen problemas de xestión nos centros de menores de Galicia. Ao contrario, nestes centros, os nenos, nenas e adolescentes así como os profesionais que prestan servizos neles, foron e son un exemplo de convivencia nos difíciles momentos que atravesamos, nos que pese ao confinamento e a imposibilidade de realizar visitas e saídas coas familias biolóxicas asumiron a situación e manifestaron un comportamento exemplar nesta crise.

Asi mesmo, os profesionais que prestan servizos nestes centros souberon xestionar a suspensión das actividades escolares e extraescolares e realizaron con profesionalidade unha labor intensa para dar cobertura ás situacións extremas vividas dende marzo de 2020.

Pola súa parte, o Centro de menores Santo Anxo da Garda, de Rábade é un centro residencial de protección de menores, coa tipoloxía de centro de reeducación e cunha capacidade de 32 prazas. Nel préstase acollemento residencial a persoas menores de idade que se atopan baixo a garda ou a tutela da administración pública, por provir dunha situación de risco ou de desamparo no seu núcleo familiar. Dentro deste perfil, os usuarios deste centro son mozos e mozas normalmente de 14 anos ou mais, que requiren dunha intervención especializada por presentar problemas de conduta, actitudes violentas, falta de acatamento das normas, etc, que desaconsellan a súa convivencia con nenos e nenas mais pequenos noutros centros residenciais de ambiente mais familiar.

CSV: BOPGDSPGqzGn7eWpi7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 2021



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 01/03/2021 10:30:11

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2021 10:30:15
Nº Rexistro: 11896
Data envio: 01/03/2021 10:30:15.124

O perfil dos menores necesitados de protección administrativa foi cambiando e é cada vez maior o número de nenos, nenas e adolescentes que, en idades cada vez máis temperás, manifestan un carácter violento e conflitivo, con sintomatoloxía psiquiátrica, aos que se dá resposta desde toda a rede de recursos de protección.

Neste sentido, os mozos e mozas residentes no centro Santo Anxo da Garda de Rábade requiren de atención sanitaria e psicolóxica específica e non exclusivamente educativa. Por isto, nos últimos tempos adoptáronse distintas medidas para dar cobertura ás necesidades dos menores residentes e facilitar o traballo dos profesionais que prestan servizo neste centro: reforzouse o cadro de persoal do centro coa incorporación dun psicólogo e un traballador social e un reforzo continuado de persoal educador e de seguridade. Ampliouse a formación dos traballadores e actualizáronse os itinerarios educativos e de integración social para as rapazas e os rapaces do centro.

Tamén cómpre destacar a mellora nas instalacións do centro, nas zonas comúns e nos fogares e no eido da videovixilancia. De feito, nos últimos dous anos a Xunta de Galicia investiu máis de 300.000 euros en obras para mellorar a infraestrutura.

Todas estas medidas, teñen como finalidade mellorar a atención dos mozos e mozas en acollemento residencial no centro Santo Anxo da Garda de Rábade e tamén acadar unha mellora na intervención educativa realizada polos profesionais que prestan servizos neste centro, a través do apoio profesional e especializado".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGqzGn7eWpi7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 2021

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2021 10:30:15
Nº Rexistro: 11896
Data envio: 01/03/2021 10:30:15.124

**Asinado dixitalmente por:**

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/03/2021 10:30:11**

CSV: BOPGDSPGqzGn7eWpi7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2021 10:30:31
Nº Rexistro: 11897
Data envío: 01/03/2021 10:30:31.671
Data 01/03/2021 10:30

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 6530**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as medidas adoptadas e/ou previstas polo Goberno galego para garantir o correcto funcionamento, así como o desenvolvemento, do proxecto educativo do centro de protección de menores Santo Anxo, no concello de Rábade"**, (publicada no BOPG número 67 do 23 de decembro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social,** que ten o seguinte contido:

**"**É importante informar que non existen problemas de xestión nos centros de menores de Galicia. Ao contrario, nestes centros, os nenos, nenas e adolescentes así como os profesionais que prestan servizos neles, foron e son un exemplo de convivencia nos difíciles momentos que atravesamos, nos que pese ao confinamento e a imposibilidade de realizar visitas e saídas coas familias biolóxicas asumiron a situación e manifestaron un comportamento exemplar nesta crise.

Asi mesmo, os profesionais que prestan servizos nestes centros souberon xestionar a suspensión das actividades escolares e extraescolares e realizaron con profesionalidade unha labor intensa para dar cobertura ás situacións extremas vividas dende marzo de 2020.

Pola súa parte, o Centro de menores Santo Anxo da Garda, de Rábade é un centro residencial de protección de menores, coa tipoloxía de centro de reeducación e cunha capacidade de 32 prazas. Nel préstase acollemento residencial a persoas menores de idade que se atopan baixo a garda ou a tutela da administración pública, por provir dunha situación de risco ou de desamparo no seu núcleo familiar. Dentro deste perfil, os usuarios deste centro son mozos e mozas normalmente de 14 anos ou mais, que requiren dunha intervención especializada por presentar problemas de conduta, actitudes violentas, falta de acatamento das normas, etc, que desaconsellan a súa convivencia con nenos e nenas mais pequenos noutros centros residenciais de ambiente mais familiar.

CSV: BOPGDSPGqzGn7eWpi7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 2021

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2021 10:30:31
Nº Rexistro: 11897
Data envio: 01/03/2021 10:30:31.671

O perfil dos menores necesitados de protección administrativa foi cambiando e é cada vez maior o número de nenos, nenas e adolescentes que, en idades cada vez máis temperás, manifestan un carácter violento e conflitivo, con sintomatoloxía psiquiátrica, aos que se dá resposta desde toda a rede de recursos de protección.

Neste sentido, os mozos e mozas residentes no centro Santo Anxo da Garda de Rábade requiren de atención sanitaria e psicolóxica específica e non exclusivamente educativa. Por isto, nos últimos tempos adoptáronse distintas medidas para dar cobertura ás necesidades dos menores residentes e facilitar o traballo dos profesionais que prestan servizo neste centro: reforzouse o cadro de persoal do centro coa incorporación dun psicólogo e un traballador social e un reforzo continuado de persoal educador e de seguridade. Ampliouse a formación dos traballadores e actualizáronse os itinerarios educativos e de integración social para as rapazas e os rapaces do centro.

Tamén cómpre destacar a mellora nas instalacións do centro, nas zonas comúns e nos fogares e no eido da videovixilancia. De feito, nos últimos dous anos a Xunta de Galicia investiu máis de 300.000 euros en obras para mellorar a infraestrutura.

Todas estas medidas, teñen como finalidade mellorar a atención dos mozos e mozas en acollemento residencial no centro Santo Anxo da Garda de Rábade e tamén acadar unha mellora na intervención educativa realizada polos profesionais que prestan servizos neste centro, a través do apoio profesional e especializado".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGqzGn7eWpi7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2021 10:30:31
Nº Rexistro: 11897
Data envio: 01/03/2021 10:30:31.671

**Asinado dixitalmente por:**

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/03/2021 10:30:27**

CSV: BOPGDSPGqzGn7eWpi7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 5846**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Otero Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a data prevista polo Goberno galego para o inicio das obras para a habilitación dun espazo como sala de agarda propia e digna para as vítimas de violencia de xénero no Xulgado de Violencia sobre a Muller de Viveiro"**, (publicada no BOPG número 56 do 2 de decembro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo**, que ten o seguinte contido:

Con carácter xeral os xulgados adoitan contar con espazos axeitados para o desenvolvemento das súas funcións.

Desde a Xunta, na medida en que a capacidade actual das infraestruturas o permite, temos levado a cabo en diversas sedes xudiciais o acondicionamento de espazos que impidan que a vítima se atope co seu agresor.

Esta actuación tamén está prevista nos xulgados de Viveiro. Unha vez acondicionada minimamente a antiga biblioteca municipal cedida polo Concello de Viveiro e sita no propio edificio xudicial, mais os acontecementos singulares que trouxo a pandemia foron pospoñendo a iniciativa ata o mes de novembro do pasado ano no que se retomou a iniciativa cunha serie de actuacións que discorren temporalmente polos prazos marcados polos propios responsables xudiciais.

En resumo, a previsión pasaba por instalar a sala nun espazo do edificio do xulgados de Viveiro unha vez que a cesión da antiga biblioteca municipal polo Concello de Viveiro, permitira liberar varias dependencias nas que se habían depositado expedientes para o seu arquivo (por falta de espazo para este fin), e así mediante o

CSV: BOPGDSPGqzGn7eWpi7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 2021

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

traslado destes expedientes á antiga biblioteca quedou, entre outros, un espazo adecuado na terceira planta para a sala de agarda.

Esta dependencia logo de ser baleirada está a ser pintada e amoblada para constituír a sala de agarda á que se refiren as preguntas".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGqzGn7eWpi7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 2021

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2021 10:28:18
Nº Rexistro: 11886
Data envío: 01/03/2021 10:28:18.265

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/03/2021 10:28:15

CSV: BOPGDSPGqzGn7eWpi7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2021 10:23:22
Nº Rexistro: 11871
Data envío: 01/03/2021 10:23:22.046

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Deste xeito, xa está vacinado o cen por cen do persoal e dos residentes da práctica totalidade das residencias da comunidade.

Os casos de positivos en residencias que xa teñen recibido a vacina son puntuais, estanse observando en todo o mundo e están dentro da normalidade absoluta, xa que a plena inmunidade lógrase sete días despois da segunda dose.

Estes contaxios responden á falta de tempo do sistema inmune para prepararse ante a infección, ben porque se contaxiaran antes de recibir a vacina ou xusto despois de seren vacinados. Os expertos sanitarios están a insistir nunha mensaxe de tranquilidade ante una situación previsible e enmarcada dentro da normalidade dun proceso que non é inmediato.

No que respecta á residencia Domusvi de Ribeira, non precisou ser intervida xa que

CSV: BOPGDSPGqzGn7eWpi7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 2021



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 01/03/2021 10:35:46

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

contaba con persoal suficiente para atender a situación no centro.

A día de hoxe a residencia DomusVi Ribeira non conta con ningún usuario ou traballador contaxiado pola covid-19”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGqzGn7eWpi7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 2021

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2021 10:35:51
Nº Rexistro: 11907
Data envío: 01/03/2021 10:35:51.593

**Asinado dixitalmente por:**

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/03/2021 10:35:46**

CSV: BOPGDSPGqzGn7eWpi7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2021 11:01:46
Nº Rexistro: 11919
Data envío: 01/03/2021 11:01:46.952

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 8118**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Marina Ortega Otero e don Julio Torrado Quintela, sobre **"o número de falecementos e de falecementos por covid-19 en cada unha das residencias de maiores ou centros residencias de Galicia dende o inicio da pandemia"**, (publicada no BOPG número 86 do 1 de febreiro de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

**"**O Servizo Galego de Saúde (SERGAS) ten a disposición da cidadanía a páxina web coronavirus.sergas.gal na que se pode consultar diariamente os datos relativos ao coronavirus en Galicia: pacientes con infección activa, pacientes hospitalizados, pacientes en coidados intensivos, persoas curadas, persoas contaxiadas, persoas falecidas, casos confirmados por PCR nas últimas 24 horas, probas PCR realizadas, probas xerolóxicas realizadas, porcentaxe de persoas infectadas (por xénero), porcentaxe de falecidos (por idade), porcentaxe de infeccións por test PCR realizados, distribución de datos por hospitais, información por concellos e información por área sanitaria.

En relación aos datos de centros residenciais, a Dirección Xeral de Saúde Pública da consellería de Sanidade informa diariamente do número de casos activos vinculados a centros residenciais, especificando os casos activos de usuarios e os casos activos de profesionais. Tamén informa do número de persoas falecidas nestes centros, especificando se o falecemento foi na residencia, no hospital ou en residencias integradas. Esta información, elaborada cos datos remitidos desde os centros residencias con carácter diario, publícase diariamente na web da Xunta de Galicia e é traslada aos medios de comunicación.

Deste xeito, con data 24 de febreiro de 2021, Galicia rexistra 118 casos activos por

CSV: BOPGDSPGqzGn7eWpi7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 2021



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 01/03/2021 11:01:43

coronavirus vinculados a centros residenciais (84 usuarios e 34 profesionais).

Pola súa banda, dende o comezo da pandemia e ata o 24 de febreiro de 2021, producíronse un total de 781 falecementos vinculados a centros residenciais (352 nas propias residencias e 429 en hospitais e/ou residencias integradas)".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGqzGn7eWpi7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2021 11:01:46
Nº Rexistro: 11919
Data envio: 01/03/2021 11:01:46.952

**Asinado dixitalmente por:**

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/03/2021 11:01:43**

CSV: BOPGDSPGqzGn7eWpi7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2021 11:00:44
Nº Rexistro: 11918
Data envío: 01/03/2021 11:00:44.671

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 8262**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Marina Ortega Otero e don Julio Torrado Quintela, sobre **"as previsións do Goberno galego respecto da elaboración dun protocolo de evacuación de todas as persoas positivas en covid-19 residentes nos centros de atención residencial para evitar a propagación do virus, así como sobre a achega dos datos da súa incidencia neles"**, (publicada no BOPG número 86 do 1 de febreiro de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

**"**Os centros residenciais de Galicia contaron dende o primeiro momento con protocolos de actuación e prevención para facer fronte a posibles casos de covid-19. Na nosa comunidade houbo protocolos antes de que existisen a nivel nacional.

Estes protocolos están suxeitos a permanente revisión e actualización, como consecuencia da experiencia e do coñecemento que se foi tendo do virus ao longo de todo este tempo.

En concreto, cómpre destacar o protocolo conxunto da consellería de Sanidade e da consellería de Política Social para o manexo da crise sanitaria provocada pola covid-19 nas residencias de maiores e noutros centros sociosanitarios. Entre outros aspectos, este protocolo regula as medidas dirixidas a prevención, vixilancia e control da infección por covid-19 nos centros residenciais.

No apartado 7 deste protocolo, referido en concreto ás medidas de control da infección, recóllense as actuacións para evitar a propagación dun abrocho de covid-19.

CSV: BOPGDSPGqzGn7eWpi7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 2021



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 01/03/2021 11:00:40

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

O protocolo diferencia a forma de actuación ante un caso sospeitoso, e ante un caso xa confirmado.

Ante un caso sospeitoso, o persoal sanitario de atención primaria ou da residencia, debe establecer de forma rápida se un residente ten un cadro clínico compatible coa sintomatoloxía de infección por covid-19. Cando a situación clínica é leve, e non se considere preciso o ingreso hospitalario, o persoal sanitario da residencia ou de atención primaria realizará o seguimento a través da plataforma de teleseguimento Telea, previa activación do perfil do paciente e con contactos telefónicos ou presenciais, segundo o criterio médico.

Se existe un agravamento dos síntomas o equipo de seguimento compartido hospitalario ou o persoal médico de atención primaria levará a cabo unha avaliación clínica e decidirá o seu traslado ao hospital ou manter o seguimento residencial a través da plataforma de teleseguimento Telea ou hospitalización a domicilio.

Ante un caso confirmado nunha residencia de maiores, os equipos asistenciais do Sergas, en función da situación clínica do caso, poderán decidir o seu traslado a un centro hospitalario, a unha residencia integrada ou a súa permanencia no centro onde reside.

Para a xestión nunha residencia cun caso de covid-19 asintomático ou cunha sintomatoloxía leve que non implique o seu ingreso hospitalario, formúlase un modelo mixto que consiste no seu traslado ao que denominamos residencia integrada. Estas residencias son espazos destinados ao seguimento e tratamento das persoas coa infección ocasionada pola covid-19 paucisintomáticas ou con sintomatoloxía leve nas que non é necesaria a hospitalización.

O obxectivo destas residencias é preservar aos residentes dos centros de orixe dun posible contaxio e agrupar os casos confirmados da infección ocasionada pola covid-19. Nestes centros, a consellería de Sanidade asume o control total tanto da asistencia sanitaria como da xestión. Este modelo de residencias integradas foi pioneiro en España e posteriormente implementado noutros territorios.

CSV: BOPGDSPGqzGn7eWpi7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 2021

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

Dende o comezo da pandemia habilitáronse un total de catro residencias integradas: dúas en Santiago de Compostela, unha en Baños de Molgas e unha en Vigo.

Por outra banda, Galicia foi unha das primeiras comunidades en intervir residencias. A consellería de Sanidade conxuntamente coa consellería de Política Social definiu o modelo de residencia intervida como aquela na que o Sergas asume ou apoia no control sanitario, polo que está sometida a unha supervisión continua durante o período que dura a intervención. Deste xeito a persoa encargada de organizar esta intervención é o xerente da área sanitaria.

Esta intervención faise só nos casos nos que o recomenda a autoridade sanitaria.

No caso de centros xa intervidos, a Xunta de Galicia tomou as decisións con total rapidez, e interviñéronse exclusivamente pola súa situación sanitaria ou asistencial, independentemente de cal fose a súa titularidade.

En relación aos datos de centros residenciais, a Dirección Xeral de Saúde Pública da consellería de Sanidade informa diariamente do número de casos activos vinculados a centros residenciais, especificando os casos activos de usuarios e os casos activos de profesionais. Tamén informa do número de persoas falecidas nestes centros, especificando se o falecemento foi na residencia, no hospital ou en residencias integradas.

Esta información publícase diariamente na web da Xunta de Galicia e é trasladada aos medios de comunicación. Os datos de centros residenciais corresponden aos que achegan con carácter diario os propios centros.

O Sergas ten a disposición da cidadanía a páxina web coronavirus.sergas.gal na que se pode consultar diariamente os datos relativos ao coronavirus en Galicia.

Con data 24 de febreiro de 2021, Galicia rexistra 118 casos activos por coronavirus vinculados a centros residenciais (84 usuarios e 34 profesionais).

CSV: BOPGDSPGqzGn7eWpi7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 2021

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

galicia

Pola súa banda, dende o comezo da pandemia e ata o 24 de febreiro de 2021, producíronse un total de 781 falecementos vinculados a centros residenciais (352 nas propias residencias e 429 en hospitais e/ou residencias integradas)”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGqzGn7eWpi7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 2021

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2021 11:00:44
Nº Rexistro: 11918
Data envio: 01/03/2021 11:00:44.671

**Asinado dixitalmente por:**

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/03/2021 11:00:40**

CSV: BOPGDSPGqzGn7eWpi7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2021 11:00:34
Nº Rexistro: 11917
Data envio: 01/03/2021 11:00:34.734
Data 01/03/2021 11:00

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 8507**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as medidas adoptadas ou previstas polo Goberno galego para garantir a atención das persoas dependentes e con discapacidade ao cargo de familias monoparentais na actual situación de pandemia"**, (publicada no BOPG número 86 do 1 de febreiro de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social,** que ten o seguinte contido:

**"**O Goberno galego puxo en marcha o Plan de recuperación de Galicia 2020. Un plan que abrangue dous enfoques, a través de 33 medidas elaboradas pola consellería de Política Social para a atención da vulnerabilidade das familias galegas. Por unha banda, dun xeito paliativo, atende de maneira inmediata as necesidades sobrevidas e, pola outra, traballa en clave preventiva ante posibles réplicas da situación de emerxencia e que puideran dar lugar á intensificación das problemáticas detectadas.

Na área de coidados e conciliación (infancia e dependencia), puxéronse en marcha as seguintes medidas a disposición de todas as familias galegas que o precisaran:

1. Exención das cotas de escola infantil e centros de día ás familias:

Coa suspensión da actividade en escolas infantís e centros de día as familias deixaron de beneficiarse destes servizos. A Xunta decidiu asumir as cotas que pagaban todas estas familias en escolas infantís (públicas, concertadas e de iniciativa social), centros de día de maiores públicos, centros de día de atención ao alzhéimer, e centros de día e ocupacionais para persoas con discapacidade (tanto públicos como de iniciativa social).

Por outra banda, relacionado tamén coas escolas infantís, para aquelas familias con cativos matriculados nestes centros que deixaron de contar co servizo de comedor, creouse unha bolsa de comedor ou axuda económica para contribuír aos gastos de manutención durante estes meses.

2. Servizo de Axuda no Fogar extraordinario:

CSV: BOPGDSPGqzGn7eWpi7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 2021



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS
INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las
01/03/2021 11:00:29

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2021 11:00:34
Nº Rexistro: 11917
Data envio: 01/03/2021 11:00:34.734

Con esta medida as persoas con necesidades de apoio urxente puideron contar coa axuda dun coidador a domicilio. Froito da situación de excepcionalidade a Xunta decidiu asumir a parte que pagaba o usuario, de maneira que fose un servizo 100% gratuíto para o mesmo. Ademais, tampouco se requiriu unha valoración de dependencia previa.

3. Extensión do programa Xantar na Casa:

O Xantar na casa é un programa, cun éxito máis que contrastado, que axuda ás persoas maiores sen unha rede familiar de apoio a comer san e equilibrado todos os días da semana. A Xunta de Galicia, en colaboración cos concellos, achégalles ás persoas beneficiarias deste programa un menú para os sete días da semana.

Así mesmo, ante a emerxencia sanitaria decidiu estender o servizo para beneficiar a máis de 550 persoas maiores que non eran usuarias antes da pandemia.

4. Bono Coidado Extraordinario para a infancia:

A Xunta habilitou un Bono de 500€ ao mes pensado para favorecer a conciliación de familias con nenas e nenos de ata 12 anos. Estas mensualidades ían dirixidas á contratación dunha empresa que ofreza servizos de atención a domicilio ou para costear o salario dunha persoa empregada no fogar que coide aos pequenos da casa.

5. Bono Coidado Extraordinario para a dependencia:

Bono de 500€ ao mes pensado para a conciliación de familias con persoas dependentes ao cargo (concretamente, persoas maiores ou con discapacidade que acudían a un centro de día ou ocupacional). Estas mensualidades ían dirixidas á contratación dunha empresa que ofreza servizos de atención a domicilio ou para costear o salario dunha persoa empregada no fogar que coide á persoa con dependencia. Este bono contou cun presuposto de 10,8 M€.

6. Atención terapéutica para persoas dependentes:

Medida deseñada para aquelas persoas dependentes que visen interrompida a súa atención terapéutica polo peche dos centros de día e centros ocupacionais. A Xunta

CSV: BOPGDSPGqzGn7eWpi7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2021 11:00:34
Nº Rexistro: 11917
Data envío: 01/03/2021 11:00:34.734

colaborou no pagamento de sesións de terapias de estimulación e rehabilitación para frear o deterioro físico e cognitivo destas persoas.

7. Liña de axudas para escolas infantís privadas e centros de día privados:

Cun orzamento de 10 millóns de euros, a Xunta de Galicia apoia ás entidades e empresas prestadoras de servizos tan esenciais como a atención a infancia e ás persoas maiores, contribuíndo a facer fronte aos custes fixos que deben asumir durante a suspensión da actividade.

Por outro lado, Galicia leva máis de dez anos introducindo melloras no campo dos coidados ás persoas con discapacidade. Neste tempo, entre outras actuacións:

- Somos a Comunidade Autónoma que máis aposta polos asistentes persoais, que exercen un labor fundamental de apoio ás persoas con discapacidade. De feito, a contía media que achega a Xunta para a contratación dun asistente persoal ascende a 1.500€.

- No 2019 aumentamos un 15% as axudas a aquelas persoas con discapacidade que precisen dun asistente persoal.

Hoxe en Galicia as persoas dependentes e con discapacidade, así como as súas familias teñen máis apoios que nunca. O noso compromiso como Goberno é seguir avanzando na mellora da calidade de vida deste colectivo".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGqzGn7eWpi7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 2021

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2021 11:00:34
Nº Rexistro: 11917
Data envio: 01/03/2021 11:00:34.734

**Asinado dixitalmente por:**

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/03/2021 11:00:29**

CSV: BOPGDSPGqzGn7eWpi7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2021 10:32:31
Nº Rexistro: 11906
Data envío: 01/03/2021 10:32:31.421
Data 01/03/2021 10:32

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 8537**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as razóns do Goberno galego para non incluír o persoal do servizo de axuda no fogar e os técnicos de emerxencias sanitarias no servizo de ambulancias non urxente, no grupo de persoal de primeira liña no ámbito sanitario e sociosanitario, co fin de programar a súa vacinación fronte á covid-19"**, (publicada no BOPG número 86 do 1 de febreiro de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia vén de rematar a campaña de vacinación contra a covid centrada no colectivo prioritario: os usuarios e traballadores das residencias de maiores e persoas con discapacidade. As residencias que tiveron gromos serán vacinados tan pronto se normalice a situación. Deste xeito, xa está vacinado o cen por cen do persoal e dos residentes da práctica totalidade das residencias da comunidade.

A seguinte fase, xa en práctica, está sendo a de vacinar contra a covid-19 aos profesionais do Servizo de Axuda no Fogar así como aos profesionais dos centros de día. As consellerías de Política Social e Sanidade están a deseñar a loxística da vacinación destes colectivos, no caso do SAF en colaboración coa Fegamp".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGqzGn7eWpi7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 2021



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS
INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las
01/03/2021 10:32:28

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2021 10:32:31
Nº Rexistro: 11906
Data envío: 01/03/2021 10:32:31.421

**Asinado dixitalmente por:**

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/03/2021 10:32:28**

CSV: BOPGDSPGqzGn7eWpi7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/02/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 11727
Data envio: 24/02/2021 20:06:55.899
Data 24/02/2021 20:06

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 8605** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Juan Carlos Francisco Rivera e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a opinión do Goberno galego respecto da necesidade de suspender as competicións federadas de carácter autonómico de xeito definitivo na presente tempada deportiva, de acordo coas novas medidas restritivas adoptadas pola Consellería de Sanidade, e a valoración da posibilidade de manter ou reorientar as ordes de axuda no caso de que non se inicien"**, (publicada no BOPG número 86 do 1 de febreiro de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral para o Deporte,** que ten o seguinte contido:

"Coa normativa actualmente en vigor, a suspensión da competición autonómica atópase decretada pola orde do 26 de xaneiro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, medida que, como as restantes incluídas na norma, estenderá a súa eficacia ata o próximo 17 de febreiro, nos termos establecidos no punto cuarto da mesma. O desenvolvemento desta medida estará suxeito aos requirimentos e consideracións do comité clínico de expertos e das autoridades sanitarias. En calquera caso, a actuación que se desenvolve dende este departamento é previsora, polo que a secretaría xeral está en permanente comunicación coas federacións deportivas para poder valorar, cando proceda, o reinicio ou non das diferentes competicións que figuran nos distintos calendarios oficiais.

O departamento buscará as solucións necesarias como fixo o pasado ano, un exercicio no que a pesar de que a actividade se viu freada pola pandemia, mantívose a dotación íntegra para federacións deportivas -permitíndose destinar as partidas do convenio dirixidas a actividade para gastos COVID19 da propia federación e dos clubs

CSV: BOPGDSPGqzGn7eWpi7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 2021



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 24/02/2021 20:06:52

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/02/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 11727
Data envio: 24/02/2021 20:06:55.899

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

que forman parte dela- e para o resto das entidades deportivas, que non viron minguadas as axudas.

No que respecta ás cuestións relativas ás axudas especificamente deseñadas por este departamento, os convenios coas federacións deportivas galegas contemplarán para este exercicio 2021 a financiación de gastos derivados da adquisición de material relativo ás medidas de seguridade e de prevención implementados por estas entidades (máscaras, luvas, xeles hidroálcohólicos, dispensadores de xel, produtos de limpeza e desinfección, marcaxe de zonas, identificación de asentos, carteis de mensaxería, etc.). Tamén se mantén neste exercicio, incluíndo referencias á material COVID, a convocatoria de axudas á entidades deportivas para a adquisición de equipamento –cunha dotación inicial de 700.000 euros-. En terceiro lugar, a anual convocatoria de axudas para a actividade ás entidades deportivas duplicará a súa dotación orzamentaria (chegando aos 3.920.000 de euros) para contemplar, especificamente, axudas para a implementación de medidas de seguridade e prevención no desenvolvemento da actividade deportiva oficial como consecuencia da COVID-19 ”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Xacobeo 2021

CSV: BOPGDSPGqzGn7eWpi7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/02/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 11727
Data envio: 24/02/2021 20:06:55.899

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/02/2021 20:06:52

CSV: BOPGDSPGqzGn7eWpi7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 8678**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noa Díaz Varela e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a valoración polo Goberno galego da necesidade de apertura dun centro de día ou espazo similar no concello de Touro"**, (publicada no BOPG número 86 do 1 de febreiro de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social,** que ten o seguinte contido:

**"**Informar que ven de publicarse a orde de axudas para dar continuidade ás 20 casas do maior en funcionamento na actualidade, para o cal se destinaron 515.000 euros. Deste modo, a Xunta de Galicia segue a apostar por estes pequenos centros de día no rural que atenden a máis de 100 persoas maiores que teñen acceso a unha atención individualizada no seu entorno.

Actualmente están en funcionamento 20 casas do maior repartidas polas catro provincias. Delas, 12 se sitúan nos concellos ourensáns de Punxín, Piñor, A Veiga, Laza, Castrelo de Miño, Os Blancos, Sarreaus, Cenlle, A Gudiña, Xunqueira de Espadañedo e Xunqueira de Ambía.

Na provincia de Lugo hai tres destes centros, dous no concello de As Nogais e un en Portomarín. Na provincia de A Coruña sitúanse nos municipios de Laxe, Santiso e Monfero. En canto á provincia de Pontevedra, hai dúas casas do maior en funcionamento: unha no concello de Arbo e outra en Pazos de Borbén.

A Xunta cuadriplicará este ano a cobertura das casas do maior ata chegar ás 80 en

CSV: BOPGDSPGqzGn7eWpi7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 2021

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

toda a comunidade. Estes pequenos centros de día no rural, totalmente gratuítos para os usuarios, ofrecen un lugar de atención e coidado diúrno ás persoas maiores. O Goberno galego incrementou este ano nun 42,5% o orzamento destinado a estender a rede de casas no maior ata os 2,2 millóns de euros**”**.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGqzGn7eWpi7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 2021

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 12013
Data envio: 02/03/2021 14:46:53.399

**Asinado dixitalmente por:**

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/03/2021 14:46:50**

CSV: BOPGDSPGqzGn7eWpi7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 8849**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións do Goberno galego respecto do inicio, no ano 2021, da execución do proxecto de construción dunha escola infantil da rede A Galiña Azul no concello de Salceda de Caselas"**, (publicada no BOPG número 89 do 4 de febreiro de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social,** que ten o seguinte contido:

"Unha das liñas mestras da actuación da Xunta en materia social é a mellora da conciliación para todas as familias galegas.

A día de hoxe, para moitos fogares conciliar é compaxinar a vida laboral e persoal co tempo para o coidado dos nenos e tamén para o coidado das persoas maiores.

En materia de infancia, non podemos esquecer todos os avances que se consolidaron para axudar ás familias que toman a decisión de ter fillos:

• Somos pioneiros en impulsar a gratuidade das escolas infantís para segundos fillos e sucesivos; unha medida que beneficia a 14.000 galegas e galegos.

• Dispoñemos de prestacións para axudar a pagar a escola infantil a aquelas familias que non puidesen acceder a unha praza pública para o seu primeiro fillo: o Bono Concilia;

• E investimos cada ano 32,2 millóns de euros nunha Tarxeta Benvida da que xa se teñen beneficiado 67.000 galegas e galegos.

Nos concellos nos que non hai ningún recurso de conciliación, a Xunta leva anos

CSV: BOPGDSPGqzGn7eWpi7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 2021

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

apostando polas casas niño. Pequenos centros onde se coida a un máximo de cinco nenos.

A día de hoxe, o Goberno galego apoiou a posta en marcha de 77 casas niño, que ofrecen 385 prazas 100% gratuítas de atención á infancia en lugares onde antes non existían opcións de conciliación. Esta iniciativa tivo unha acollida excepcional por parte da sociedade galega.

O noso obxectivo é chegar ás 100 casas niño ao longo deste ano. Para iso, aprobouse a convocatoria dunha nova orde de axudas, a sexta desde o ano 2016, para impulsar 100 novas prazas de atención á infancia, ou o que é o mesmo, 20 novas casas niño por diferentes puntos da xeografía galega. Para isto, vimos de habilitar un investimento 1,6 M€.

No que respecta ao concello de Salceda de Caselas, na actualidade conta cunha escola infantil da rede Galiña Azul que se xestiona en virtude dun convenio formalizado co Concello en 2008. Ata a data, non existe ningún expediente aberto para a construción dunha segunda escola infantil no devandito Concello".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGqzGn7eWpi7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 2021

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 12015
Data envio: 02/03/2021 14:48:01.962

**Asinado dixitalmente por:**

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/03/2021 14:47:56**

CSV: BOPGDSPGqzGn7eWpi7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2021 10:32:23
Nº Rexistro: 11905
Data envío: 01/03/2021 10:32:23.624

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 9081**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Martín Seco García e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións do Goberno galego respecto da súa intervención para acadar o mantemento dos 36 postos de traballo da empresa Galicia Téxtil, a vinculación da concesión de xeración de enerxía que posúe na Presa do Rei á actividade industrial no sector téxtil, así como as axudas públicas recibidas"**, (publicada no BOPG número 89 do 4 de febreriro de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación**, que ten o seguinte contido:

**"**A pregunta foi atendida na intervención do director do Instituto Galego de Promoción Económica, Fernando Guldrís Iglesias, con motivo do debate da pregunta 9078 que tivo lugar na sesión do 17 de febreiro de 2021 da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-2021-02-17?part=4ae9dfa0-d669-4681-b517-b8fe37abd61b&start=1173 **"**.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGqzGn7eWpi7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 2021



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 01/03/2021 10:32:19

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2021 10:32:23
Nº Rexistro: 11905
Data envio: 01/03/2021 10:32:23.624

**Asinado dixitalmente por:**

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/03/2021 10:32:19**

CSV: BOPGDSPGqzGn7eWpi7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/02/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 11726
Data envío: 24/02/2021 20:06:47.743

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 9720** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a xestión do Goberno galego en relación coa análise das augas residuais, como ferramenta de detección, seguimento e control da covid-19"**, (publicada no BOPG número 92 do 11 de febreiro de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Universidade,** que ten o seguinte contido:

**"**O mencionado proxecto desenvólvese no marco dun convenio asinado entre a empresa supramunicipal de depuración de augas da Coruña 'Edar Bens SA' participada polos concello da Coruña, Arteixo, Cambre, Culleredo e Oleiros e a Universidade da Coruña no marco da súa autonomía universitaria. Dado que a Xunta de Galicia non ostenta a autoría do proxecto, non é o organismo adecuado para achegar a documentación solicitada**"**.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Xacobeo 2021

CSV: BOPGDSPGqzGn7eWpi7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS
INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las
24/02/2021 20:06:44

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/02/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 11726
Data envío: 24/02/2021 20:06:47.743

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/02/2021 20:06:44

CSV: BOPGDSPGqzGn7eWpi7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 12012
Data envio: 02/03/2021 14:46:38.556
Data 02/03/2021 14:46

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias

galicia

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 9854**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"os mecanismos de control que está a aplicar o Goberno galego para evitar irregularidades nas listaxes vacinación contra a covid-19, a súa opinión respecto do cumprimento do plan establecido en Galicia no caso de dúas persoas relacionadas co grupo DomusVI, e as medidas adoptadas ou previstas ao respecto"**, (publicada no BOPG número 92 do 11 de febreiro de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade,** que ten o seguinte contido:

**"**A pregunta foi respondida polo Conselleiro de Sanidade, no pleno celebrado o pasado 24 de Marzo, na resposta dada a mesma pregunta formulada polo BNG con número de rexistro 9855.

http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/s/K1tRwRL4ocSIP8ZfOlQ021961iW81Jed **".**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGqzGn7eWpi7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 2021



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 02/03/2021 14:46:32

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 12012
Data envio: 02/03/2021 14:46:38.556

**Asinado dixitalmente por:**

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/03/2021 14:46:32**

CSV: BOPGDSPGqzGn7eWpi7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
**PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25
Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

CSV: BOPGDSPGqzGn7eWpi7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/